

COUSAS DE sanxenxo

Revista de
información local
nº1/ 2010



SANXENXO DEGUSTA
| 4



**SANXENXO, REFERENTE
DA VELA OCEÁNICA**
| 6



**A ESCOLA MUNICIPAL DE
MUSICA FORMA ESTE
CURSO A 180 ALUMNOS**
| 10



AMOR A MARES
| 14





turismo de
sanxenxo

ÍNDICE

4	TURISMO
8	MEDIO AMBIENTE
10	CULTURA
12	ACTUALIDAD
13	COMUNICACIÓN
14	SOCIEDADE
18	BREVES
21	AXENDA
22	DIRECTORIO

Nº 1/2010
Revista de información local
Xestión Publicidade: 981530200

Edita:
INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.
Rúa do Penedo, 1-baixo.
15706 Santiago de Compostela

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Fotografía:
Arquivo Concello de Sanxenxo
Equipo, Agencia de Publicidad
Ovidio Aldegunde,
(fotografía portada e índice)

Impresión:
IMPRENTA MUNDO

Depósito Legal:
C 1662-2010

Distribución:
PUBLICITY

La empresa se reserva todos los derechos de la publicación, sin que pueda reproducirse total o parcialmente su contenido, sin el consentimiento previo de los editores.

SANXENXO É TURISMO

A NOVA EDICIÓN DE 'SANXENXO DEGUSTA', O INCREMENTO DE DISTINTIVOS DE CALIDADE TURÍSTICA, O COMPROMISO CUN TURISMO ACCESIBLE PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E AS BANDEIRAS AZUIS ONDEANDO EN CATORCE PRAIAS SON ALGÚNS SIGNOS DE IDENTIDADE DA INMINENTE CAMPAÑA ESTIVAL EN SANXENXO.

Todos -restauradores, hosteleiros, profesionais, administración, veciños e visitantes- están preparados para o concurso de tapas -Sanxenxo Degusta Tapas- que se vai celebrar no mes de xuño dentro do programa de promoción gastronómica 'Sanxenxo Degusta', organizado pola sociedade Turismo de Sanxenxo, coa colaboración de profesionais do sector, e que se complementará cunhas xornadas gastronómicas.

Máis dunha veintena de establecementos de hostalaría do municipio confirmaron xa a súa participación no certame: Restaurante Carmen, Restaurante Saudades, El Rincón del Tapeo, Restaurante Penaguda, Restaurante Fidel, Restaurante Pizzería Bocalino, Cervecería El Aviator, Restaurante Sabino, Restaurante Tritón, Restaurante O Son do Mar e Restaurante Vicaño Gourmet, todos eles ubicados na vila de Sanxenxo. Tamén se sumará a esta iniciativa a Cervecería Fonte de Ons e Casa Portela, situadas en A Revolta (Noalla); así como dez establecementos de Portonovo como son A Bodeguiña, Cervecería Azor, Cervecería Salgadoiro, Mesón Fontán, Mesón Restaurante Xerfa, Bar Burás, Mesón Miro, Pulpería Cova de Ons, Restaurante O Risón e Taberna Caneliñas.

Cada un deles presentará un máximo de tres elaboracións establecéndose premios á mellor tapa tradicional e á mellor proposta creativa, concedidos tanto por un xurado popular como por un profesional, así como sorteos e agasallos para as persoas que se acheguen a degustar as tapas.



Turismo de Sanxenxo elaborará un degusta-mapa que incluírá información sobre os establecementos que concurran ao concurso e recollerá varias rutas temáticas. A concelleira de Turismo, Almudena Aguín, agarda que 'Sanxenxo Degusta' sexa unha mostra de como "o sector público e privado deben aunar esforzos e traballar conxuntamente en pro de todas aquelas actuacións que redunden na mellora continua do noso destino".

Para consolidar a oferta gastronómica dentro da estratexia turística, o obxectivo é que Sanxenxo vaia ampliando a tempada de apertura para que cada vez haxa máis establecementos abertos e a oferta gastronómica sexa ininterrompida ao longo de todo o ano.

UN TOTAL DE 36 EMPRESAS, CON DISTINTIVO DE CALIDADE

A calidade da oferta turística de Sanxenxo está refrendada por un cada vez maior número de axentes implicados no desenvolvemento turístico que gozan do distintivo nacional asociado ao Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos, SICTED. En breve, poderían obter esa distinción a sociedade Turismo de Sanxenxo e as praias de Silgar, Canelas e Baltar. Esa foi a proposta presentada pola alcaldesa, Catalina González, na última reunión da Mesa para a Calidade Turística de Sanxenxo.

Xa son un total de 36 empresas do municipio de Sanxenxo as que contan co distintivo de calidade. O propósito do Concello é incrementar o número de participantes xa que Sanxenxo se comporta como un destino turístico consolidado e as súas empresas se caracterizan por manter uns estándares de calidade moi ben valorados polos clientes.

Amais, Sanxenxo ten solicitado incorporarse aos catro Grupos de Mellora Permanentes constituídos por Turespaña para o SICTED: "Manuais de Boas Prácticas e contidos formativos", "Plataforma", "Índice de satisfacción turística" e "Marketing segmentado e de produto".

CALIDADE TURÍSTICA E ACCESIBILIDADE

A oferta turística de Sanxenxo quere ter en conta ás persoas con discapacidade, mobilidade reducida ou necesidades especiais. Para iso, personal da Concellaría de Turismo e da sociedade Turismo de Sanxenxo participa no curso de formación 'Turismo accesible: destinos, recursos culturais e naturais', organizado por Turespaña.

O contido formativo inclúe conceptos básicos de turismo accesible, deseño de produtos turísticos accesibles e atención a clientes con discapacidade e necesidades especiais. Os participantes aprenden destrezas en materia de accesibilidade, boas prácticas e técnicas na xestión do espazo e do servizo na atención a persoas con discapacidade. “Accesibilidade e calidade turística van da man”, en palabras da responsable municipal deste área, que considera que “non se pode entender o turismo de calidade se non é accesible a todos, independentemente das súas circunstancias”.

MÁIS FORMACIÓN TURÍSTICA

Durante o mes de marzo tivo lugar unha nova convocatoria de ‘Sanxenxo é turismo’, o Plan de Formación Turística orientado a formar a empresarios e traballadores do sector en nocións básicas e avanzadas en información turística. O obxectivo é que a poboación local e o sector empresarial coñezan de primeira man as numerosas posibilidades de ocio que ofrece o municipio e os seus arredores.

O pasado ano, un total de 15.035 persoas visitaron as oficinas de turismo ubicadas en Sanxenxo e Portonovo en busca de información, das que 13.677 eran turistas nacionais, mentres que 1.358 eran estranxeiros. As comunidades autónomas que máis viaxan a Sanxenxo son Madrid (17%), Castilla-León (16%), Asturias (12%) e País Vasco (10%), seguidas de Galicia, cun 8.51% do total de visitas. Por países, a procedencia do turismo internacional sigue encabezada por Portugal (4.5%), seguida por Francia e Inglaterra.

‘Sanxenxo é turismo’ ofrece información aos participantes sobre diversas cuestións de interese para os viaxeiros, tales como adegas para visitar e facer degustacións, oferta de saúde e beleza, horarios de autobuses, paradas de taxis, oficinas de turismo, o distintivo de calidade da bandera azul nas praias, rutas de senderismo acondicionadas, horarios de mercadillos municipais, etc. O temario completase con outros aspectos como a oferta gastronómica, cursos de vela, deportes acuáticos, karts, barcos, lendas e tradicións, como a da Ermida da Lanzada, a romaría de O con da Ventureira, un túnel baixo a auga ou o barco do sol, entre outros.

Os participantes tamén reciben nocións básicas sobre recursos e produtos turísticos no Salnés, as Rías Baixas e puntos de especial interese en Galicia. A Ruta do Viño Rías Baixas ou o Parque Nacional das Illas Atlánticas son outros dos temas que completan os contidos da xornada.

A TEMPADA ESTIVAL ADIANTASE AO 12 DE XUÑO, NO CONCELLO CON MÁIS BANDERAS AZUIS DE ESPAÑA

Este ano a tempada estival dará comezo o 12 de xuño, días antes que en anteriores campañas, considerando que se celebra o Xacobeo 2010, e ampliarase o horario

dos baños das praias na procura de ofrecer o mellor servizo aos seus usuarios nun concello que destaca pola calidade dos seus areais.

Sanxenxo aspira a manterse por octavo ano consecutivo como municipio con maior número de banderas azuis de España, coa renovación dos 13 distintivos obtidos o pasado ano para 14 praias, xa que dúas comparten a distinción. A escolma está formada polas praias de Areas, Panadeira, Silgar, Baltar, Caneliñas, Canelas, Paxariñas, Montalvo, Bascuas, Pragueira, Major e Foxos, amais de Areas Gordas e A Lapa que contarían cun único distintivo. Asemade, o Concello de Sanxenxo agarda recuperar o distintivo do Porto Deportivo Juan Carlos I.

O TURISMO DE SANXENXO, NA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

O postgrao de Dirección e Planificación do Turismo da Universidade de A Coruña inclúe nos seus contidos a Turismo de Sanxenxo, por segundo ano, dentro dunha estratexia orientada a manter un contacto fluído e constante con universidades, escolas e outros centros de formación turística.

Un grupo de 40 estudantes da Escola de Turismo da Universidade de A Coruña estiveron o pasado mes de marzo en Sanxenxo para coñecer o principal destino vacacional de Galicia e recibir formación. Con esa finalidade, os alumnos mantiveron unha xuntanza coa delegada deste área, Almudena Aguín, que lles explicou os antecedentes, creación e funcións desta empresa de xestión turística de capital mixto, integrada polo Concello de Sanxenxo e o Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo, CETS, cuxo presidente, Francisco González, informou aos universitarios sobre a realidade empresarial do municipio.

Os estudantes completaron a súa formación cunha visita á Sede Náutica Caixa Galicia onde coñeceron o Plan Operativo de Marketing Turístico, que marca as liñas de actuación para os próximos anos.



Na imaxe de esquerda a dereita Iker Martínez (patrón volta ao mundo), José Ramón Lete (secretario de deportes da Xunta de Galicia), Catalina González (alcaldesa de Sanxenxo), Pedro Campos (director de equipos), Xabi Fernández (patrón volta ao mundo), Fran Palacio (patrón volta ao mundo), e Juan Merediz (patrón volta ao mundo).

SANXENXO, REFERENTE DA VELA OCEÁNICA

Sanxenxo continua consolidando a súa imaxe como centro da vela oceánica de competición. O Porto Deportivo Juan Carlos I e o Real Club Náutico de Sanxenxo convertíronse xa en base atlántica de entrenamentos de catro equipos das vindeiras Voltas ao Mundo: a Barcelona World Race e a Volvo Ocean Race.

O pasado 30 de marzo a alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González e o presidente do R.C.N. de Sanxenxo e director dos equipos españois, Pedro Campos asinaron nas instalacións do club náutico o convenio de colaboración entre ambas entidades que regula o establecemento de equipos de Vuelta ao Mundo na base oceánica do municipio pontevedrés.

Ao acto asistiron ademais o secretario xeral para O Deporte da Xunta de Galicia, José Ramón Lete Lasa, os campeóns olímpicos Iker Martínez e Xabi Fernández, e os patróns Juan Merediz e Fran Palacio, que competirán na próxima Barcelona World Race.



CAIXA GALICIA IMPULSA O COÑECEMENTO DO MEDIO MARIÑO EN GALICIA A TRAVÉS DA SÚA SEDE NAÚTICA EN SANXENXO



A Sede Náutica de Caixa Galicia, situada no Porto Deportivo Juan Carlos I de Sanxenxo e que conta con máis de 800 metros cadrados, promove e impulsa na Comunidade galega a práctica dos deportes náuticos en xeral, e da vela en particular, facilitando o acceso á práctica dos mesmos ao maior número posible de persoas, e en especial aos nenos e xóvenes.

Inaugurada o 18 de xullo de 2008, a Sede Náutica desenvolve ao longo do ano actividades vinculadas ao medio mariño, cursos de formación en titulacións náuticas e distintas actividades deportivas, mellorando a formación, a investigación e a protección neste ámbito, ademais de promover a Sanxenxo e a Galicia como un lugar idóneo para aprender e practicar estes deportes.

Este soporte loxístico en Sanxenxo constitúe o único espazo destas características dunha entidade financeira española e a “ponte de mando” do buque insignia de Caixa Galicia, as 10 Escolas de Vela que tutela na comunidade galega, os seus equipos de regata e as principais probas de vela lixeira do calendario galego.

Dende cursos de verano de condición universitaria a actividades escolares que atienden á formación dos máis cativos, a través de visitas-obradoiro, teñen lugar neste espazo no que tamén se recibe a profesionais de diferentes especialidades que contan aquí con cursos que melloran a súa formación. A Sede Náutica tamén acolle exposicións, ciclos de cine e presentacións de todo tipo, sempre co mar como telón de fondo, así como cursos de informática, presentación de estudos e publicacións, acceso libre a internet, wifi,..., habéndose convertido a Sede Náutica Caixa Galicia nun centro sociocultural de referencia en Galicia tras case dous anos de actividade.



FROIZ



Siempre a su servicio

SANXENXO

Avda. Madrid, s/n
Tel.: 986 72 78 62

C/ Fonte de Ramos s/n
(Esq. Vidal Rocha)
Tel.: 986 72 70 07



BO FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO



Ano tras ano os sanxenxianos seguen a facer un bo e cada vez maior uso do Punto Limpo Municipal do que dispón a localidade dende outubro de 2006, no lugar das Cereixeiros, na parroquia de Padriñán. Este centro de recepción, almacenaxe e avaliación de residuos constitúe un lugar de almacenamento temporal dos residuos especiais que se xeran nos fogares e que polo seu tamaño, volume ou toxicidade, ou pola frecuencia da súa produción existen unhas instalacións de recollida particulares.

Segundo o informe municipal sobre a actividade producida no Punto Limpo en 2009, un total de 1.576 veciños levaron os seus residuos - un 12,57 % máis de usuarios que en 2008-, que en conxunto achegaron 3.259 unidades, 83.000 quilos, 1.222 litros e 365 metros cúbicos de residuos -un 25% máis de entradas e cantidade de residuos depositados-.

Nestas instalacións municipais depositase aceite vexetal, pequenos cascallos, envases de vidro, electrodomésticos, plásticos, restos de poda, roupa, madeira, metais, papel-cartón e voluminosos, sobretudo colchóns e sofás. No grupo de materiais considerados perigosos, os veciños depositan aceite mineral, aerosois, baterías, envases de pintura, pilas, fluorescentes, lámpadas de baixo consumo e cartuchos de impresoras, entre outros.

O Punto Limpo está a disposición de todos os veciños do municipio de Sanxenxo de balde, os cales terán que facilitar os seus datos na recepción para poder facer uso del. Asemade, os pequenos comercios de aparatos eléctricos e electrónicos tamén poden depositar no Punto Limpo estes residuos.

Este servizo complementase coa recollida de enseres porta a porta. Para iso, os interesados deben chamar ao **986 40 80 34** para concertar a data e hora de retirada nos seus domicilios.

Horario do Punto Limpo do Concello de Sanxenxo

Esta prohibido levar residuos ao punto limpo fóra do horario establecido.

INVERNO		
DÍAS	MAÑÁ	TARDE
De Martes a Venres	de 11:00 a 14:00 horas	de 17:00 a 19:00 horas
Sábado	de 9:00 a 14:00 horas	cerrado
Domingo e Luns	cerrado	cerrado

VERÁN (De 1 Xullo a 15 de Setembro)		
DÍAS	MAÑÁ	TARDE
De Martes a Venres	de 10:00 a 14:00 horas	cerrado
Sábado	de 9:00 a 14:00 horas	cerrado
Domingo e Luns	cerrado	cerrado

Que se pode depositar no Punto Limpo?

O volume de residuos que se pode depositar está regulado en función da produción doméstica e descríbese na seguinte táboa.

RESÍDUOS ADMISIBES NO PUNTO LIMPO	
TIPO RESIDUO	CANTIDADE ADMISIBLE
Aceite Vexetal	5 litros (5 kg con envases)
Aceite Mineral	5 litros (50 kg con envases)
Aerosois	10 envases
Baterías	1 unidade
Escombros	25 kg.
Fluorescentes	3 unidades
Frigoríficos	1 unidade
Xardinería	ver especificacións
Madeira	1 m3
Electrodomésticos	2 unidades
Metais (aluminio e outros)	ver especificacións
Mobles e outros enseres	ver especificacións
Papel e cartón	25 kg.
Pilas	25 kg.
Pinturas, barnices e disolventes	1 kg.
Plásticos	ver especificacións
Radiografías	5 unidades
Tetrabriks, latas	Producción doméstica
Vidro	Producción doméstica

DIA MUNDIAL DOS HUMEDAIS



Máis de 150 estudantes de 4º curso de Educación Primaria participaron nas distintas actividades organizadas pola Concellería de Medio Ambiente o pasado mes de febreiro con motivo da conmemoración do Día Internacional dos Humedais. Obradoiros, xogos didácticos e visitas pedagóxicas constituíron un programa orientado a concienciar aos escolares do valor do patrimonio natural.

Os alumnos realizaron por grupos visitas didácticas ao Complexo Intermareal Umia-O Grove, cunha breve charla na Aula da Natureza de Siradella sobre este enclave e itinerario guiado polo humedal para a observación de aves.

Complementariamente, celebrouse a charla “Coidar os humedais, unha resposta ao cambio climático” en Noalla e en Portonovo.



Augusto García Sánchez, 8. Pontevedra
Tel: 986 101 708
info@tecnatur.es

ANÁLISIS Y TRATAMIENTOS DE AGUA

- GÉRMESES
- SEDIMENTOS
- TURBIDEZ
- QUÍMICOS ORGÁNICOS
- QUÍMICOS INORGÁNICOS
- METALES PESADOS
- EXCESO DE CLORO
- ALGAS DE ESTANQUES

TRATAMIENTOS SIN PRODUCTOS QUÍMICOS QUE MANTIENEN TODAS LAS PROPIEDADES NATURALES DEL AGUA

A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FORMA ESTE CURSO A 180 ALUMNOS

Desde a súa creación, en 2003, ano a ano vai incrementándose a matrícula de alumnos da Escola Municipal de Música, ubicada no Pazo Emilia Pardo Bazán, ata acadar este curso o máximo histórico de 180 alumnos. Un equipo de 15 profesores, titulados medios e superiores, imparte as clases que se ofertan en 18 especialidades diferentes, tanto a nenos como a adultos.

Por primeira vez na historia deste centro, a demanda foi tan alta que houbo que pechar a matrícula para algúns instrumentos, como Guitarra, para as que se cubriron todas as prazas dispoñibles.

Na escola, os pequenos de 6 e 7 anos cursan a materia de música e movemento e a partires dos 8 anos deben superar obrigatoriamente a asignatura de linguaxe musical e outra instrumental a elixir entre trompeta, trombón, bombardino-tuba, corda, guitarra, clarinete, percusión, saxofón, oboe-fagot, piano, flauta ou trompa. Amais, poden asistir de forma opcional a conxunto instrumental, coro, audicións, harmonía, música de cámara e un segundo instrumento.

A Escola de Música Municipal, que dirixe Rafael Torres, ofrece tamén unha formación práctica individualizada e adaptada ás persoas de calquera idade que queiran canalizar as súas inquiredanzas musicais sen perxuízo de que orientación tomen os seus estudos profesionais para aqueles que teñan unha especial vocación e aptitude. A eles están destinadas as asignaturas de linguaxe musical, piano e guitarra.

Obxectivos

Coa creación da Escola Municipal de Música en 2003, o Concello de Sanxenxo ten como obxectivo fomentar o coñecemento e apreciación da música, desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical sen límite de idade, proporcionar unha docencia complementaria á práctica musical, orientar cara unha ensinanza de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumnado así o aconsellen e promover o interese pola participación en agrupacións instrumentais e vocais.

Banda-Escola de Música

A tradición musical de Sanxenxo remóntase ao século XIX, no que existía unha banda de música no concello, concretamente na parroquia de Padriñán (1893-1898). Máis tarde, en 1927, xurdíu unha nova banda, fundada por Víctor Guance que estivo activa ata o ano 1941. Para recuperar esta tradición, recentemente, en maio de 2002, naceu a Banda-Escola de Música Municipal de Sanxenxo integrada por alumnos e alumnas de diferentes idades formados na Escola Municipal.

En xullo de 2009 esta agrupación, agora denominada Banda de Música de Sanxenxo, deu un paso máis profesionalizándose co apoio do Concello de Sanxenxo e a Deputación de Pontevedra, e baixo o amparo da Sociedade Musical Sanxenxo.

A BANDA DE MÚSICA LOGRA O SEGUNDO PREMIO NO PRIMEIRO CERTAME INTERNACIONAL AO QUE CONCORRE

A Banda de Música de Sanxenxo obtivo o segundo premio do Certame de Bandas de Música Vila de la Sènia, que se celebrou do 16 ao 18 de abril en Tarragona e no que competiu con outras agrupacións de España e de Portugal.

É a primeira vez desde a súa creación na que a Banda participa nun concurso, no cal interpretou, entre outras pezas, 'An Original Suite', de Gordon Jacob; de 'Bonaparte', de Otto M. Schwarz; e o pasodobre, 'Enrique Melio', de Simón Couceiro.

"Estamos moi satisfeitos co traballo realizado", sinalou o director da Banda, Rafael Torres, quen destacou "o nivel que alcanzou a Banda de Música competindo con agrupacións que contan cunha dilatada experiencia e que son máis numerosas en compoñentes". Na sección segunda desta edición do certame participaron tamén a Banda Filarmónica S. Mamede de Ribatua (Portugal), a Banda Sinfónica de Reus (Tarragona) e a Unión Musical Alqueriense (Castellón).



VISITAS GUIADAS ÁS BIBLIOTECAS

Continúa o programa municipal 'Coñece a túa biblioteca', promovido pola Concellería de Cultura e Educación para fomentar o gusto pola lectura entre os escolares e favorecer unha primeira toma de contacto coa biblioteca máis cercana ao seu entorno.

Como parte desta iniciativa, 106 alumnos e alumnas de Educación Infantil do CEIP Portonovo e 82 alumnos do CEIP Cruceiro visitaron a biblioteca de Portonovo. Alí, recibiron formación adaptada ás súas idades sobre a Rede de Bibliotecas Municipais, o seu funcionamento, e os requisitos para facerse usuario. Tamén disfrutaron cos contacontos de 'O monstro peludo' e 'A mazá vermella'.

Asemade, outro grupo de 79 alumnos e alumnas de 1º e 2º curso de Educación Primaria do CEIP Portonovo participaron no programa de visitas guiadas ás bibliotecas e contacontos que se desenvolve este curso por segundo ano consecutivo. E 90 escolares de 1º curso de ESO do IES Sanxenxo visitaron a Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán. Alí aprenderon a desenvolverse na procura dun libro ou dalgunha información.



A REDE MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS DE SANXENXO MERECEU O PREMIO QUE OTORGA O MINISTERIO DE CULTURA DA CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA MARÍA MOLINER 2009 POLO PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA 'AVENTURAS A MOREAS', DIRIXIDO A ESTUDIANTES DE 1º A 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Como premio, conseguiu un lote de 200 títulos sobre literatura infantil e xuvenil destinado ao servizo integrado pola Biblioteca Central Emilia Pardo Bazán, a Biblioteca Municipal de Portonovo e a Axencia de Lectura de Vilalonga.

O Programa de Animación á Lectura consta de tres plans: 'Coñece a túa Biblioteca', 'Animación á lectura nas bibliotecas', e 'Animación á lectura nos Centros de Ensino', que se levan a cabo durante todo o curso escolar nos colexios e nas bibliotecas do municipio.

ANIMACION Á LECTURA

Un total de 625 escolares de 1º a 4º curso de Educación Primaria participaron este curso no Programa de Animación á Lectura nas Bibliotecas, que desenvolve a Concellería de Cultura e Educación, en Sanxenxo, Portonovo e Vilalonga. Baixo o título xenérico 'Quen vai de camiño' o programa contemplou misteriosos secuestros, robos e asasinatos de contos e dos seus personaxes, convertíndose en vítimas pero tamén en verdugos.

Nas primeiras xornadas desta iniciativa, que leva por título 'Sombriros de Contos', participaron 60 nenos de Educación Primaria do CEIP Telleiro, ao igual que outros 156 escolares do CEIP Portonovo. A súa vez, 40 estudantes do CEIP Nantes e outros 118 do CEIP Cruceiro, 58 do CEIP Magaláns, 90 do CEIP A Florida e 108 do colexio Abrente non quixeron perderse esta proposta.

Aproveitando a celebración do Xacobeo 2010, nas sesións intercaláronse información e adiviñas relacionadas co Camiño de Santiago, de xeito que no seu desenlace, na última xornada, permitiu realizar unha aproximación á súa orixe, historia e situación actual, actuando amais, como nexo de unión entre as tres sesións que constitúen o programa. Os asistentes tiveron que solucionar os misterios que van aparecendo por toda a biblioteca, que están relacionados cos personaxes dos contos populares no camiño de Santiago. Sin saír das instalacións, os nenos e nenas iniciaron a peregrinación en Roncesvalles, coas necesarias paradas para resolver os enigmas que se lles plantexaron.





A CASA DE CULTURA DE BORDÓNS, MODELO DE ACCESIBILIDADE

En xaneiro remataron as obras de rehabilitación da Casa de Cultura de Bordóns, que foron supervisadas ao seu término polos ediles de Obras, Tino Sanmartín, e o representante da parroquia de Bordóns, Salvador Durán.

As obras, realizadas pola empresa Ecoservicios y Bioconstrucción Atlas S.L., consistiron na remodelación integral deste emblemático edificio que no seu día albergou a escola infantil. As reformas foron executadas baixo o criterio de accesibilidade para todos os veciños, poidendo disfrutar das instalacións tamén aquelas persoas que presentan algún tipo de minusvalía.

A restauración foi executada empregando materiais nobres e seguindo un proceso constructivo respectuoso co entorno. Mellorouse lixeiramente o aforo e dotouse ao edificio de placas solares para a captación de enerxía.

APRENDER VALORES XOGANDO

Un total de 202 nenos e nenas do municipio participan este curso na ludoteca itinerante promovida polo O.A. Terra de Sanxenxo, a través da Concellería de Cultura e Educación, para ensinar valores a través do xogo.

Esta proposta, consolidada tras dez anos de celebración, desenvólvese desde outubro a maio e está dirixida aos escolares de Educación Infantil, con idades comprendidas entre os 3 e os 5 anos, que asisten ás sesións en horario de tarde nos seus propios centros educativos.

O obxectivo deste programa é xerar un espazo onde os pequenos poidan xogar, crear, desenvolver habilidades e destrezas motoras, comunicativas, afectivas e sociais, e fomentar que utilicen a súa imaxinación a través dun ambiente máximo e que adquiran aprendizaxes mediante o xogo.

A ludoteca itinerante está os luns no CEIP A Florida, na E.U. Aios e no colexio Abrente. Os martes está nos CEIP Telleiro e Nantes. Os alumnos do CEIP Portonovo teñen ludoteca os mércores e os CEIP Cruceiro (Vilalonga) e Magaláns (Dorrón) os xoves. Entre as actividades hai teatro, xogos, obradoiros de creatividade, cancións, títeres e danza.

OS PATIOS DA MEMORIA

A programación teatral deste primeiro semestre puxo sobre o escenario do Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán a obra Os patios da memoria a cargo da compañía Teatro do Morcego, que está celebrando a súa traxectoria de quince anos. Esta comedia, dirixida por Bernardo Galli e protagonizada por Celso Parada, é unha historia arriscada e intensa que amosa o mundo dos adultos visto a través dos ollos dun neno, con sentido do humor. Unha evocación lírica da infancia e do descubrimento do sexo a través dun espectáculo que fala de sentimentos.

En abril, a compañía Malasombra puxo en escea a obra O día do Pai e o 8 de maio tivo lugar no Pazo Emilia Pardo Bazán a proposta contemporánea Historias tricolores ou de cómo aqueles animalíños proclamaron a República. O vindeiro 5 de xuño concluirá a programación semestral con Palabras encadenadas de Talía Teatro.

Asegura tu hogar en Norbrok21 y llévate esta vajilla

Contrata con Norbrok21 tu seguro de hogar entre el 1 de abril y el 30 de junio de 2010 y recibirás gratis esta vajilla de 20 piezas. Sin sorteos.

Y si tu seguro vence después del 30 de junio, llámanos antes y te diremos como conseguir una.



* Oferta válida desde el 1 de abril de 2010 hasta el 30 de junio de 2010 para contratación de nuevas pólizas de seguro de hogar. Regalo sujeto a disponibilidad. Unidades limitadas. En caso de agotar existencias se reemplazará por otro de valor equivalente.

Norbrok21 - Progreso, 66-Bajo 36960 Sanxenxo - Telf.: 986 720 406

A SETE CANALRIASBAIXAS A TELEVISIÓN LOCAL DE SANXENXO

Sanxenxo e tódalas comarcas das Rías Baixas xa dispoñen da súa televisión local na Televisión Dixital Terrestre. A SETE CANALRIASBAIXAS ofrece a cada veciño deste Concello a oportunidade de estar informado das novas máis destacadas desta comarca de xeito doado e gratuíto.

Para acceder a esta Televisión Comarcal en TDT só hai que sintonizar a canle 47 da UHF, ben de xeito manual ou automático.

Aquí, a maiores dos dous informativos diarios en directo (ás 14.15 e ás 21.30), poderá desfrutar dunha cumprida oferta de programación propia: entrevistas, debates, programas especializados no mar, no agro ou na viticultura e etnoloxía, magazines e axendas culturais; e outra serie de contidos como telenovelas, concursos, ou programas de cociña e humor, entre outros moitos.

Xa estamos traballando na elaboración da nosa programación da nova tempada de verán, na que Sanxenxo se converte, un ano máis, en lugar de referencia; desta volta con retransmisións desde lugares tan emblemáticos deste Concello como é a Rosa de Ventos, no paseo de Silgar.

*Tras 16 anos de experiencia,
a Televisión do Salnés-Barbanza
dá o salto á TDT, pasando a emitir en dixital
para as comarcas do Salnés, Barbanza,
Caldas, Muros e Noia, cun novo nome:
A SETE CANALRIASBAIXAS*

XA ESTÁ EN TDT



VERÁN-VERÁN EN SANXENXO

Desde fai doce anos, A SETE CANALRIASBAIXAS dá protagonismo a Sanxenxo, retransmitindo desde este Concello para toda Galicia o seu magazine Verán-Verán.

Este programa estival mestura entrevistas de actualidade a persoeiros de primeira liña e reportaxes dos máis destacados eventos do verán galego; todo isto aderezado con actuacións musicais en directo.

Hoteis da talla do H. Carlos I, nos primeiros anos, e do Augusta Spa Resort, máis recentemente, fan as veces de plató para este espazo, que se retransmite cada semana de xeito simultáneo na SETE CANALRIASBAIXAS e noutras oito televisións locais de toda a comunidade, chegando a máis dun millón de galegos. Desde xeito, esta canle local dá a coñecer Sanxenxo en toda Galicia, contribuíndo a exaltar e promover aínda máis o seu turismo.

A Sete CANALRIASBAIXAS
o salnés, caldas, barbanza, muros e noia
A túa televisión local en TDT

canal
rías baixas



Búscanos nas canles 47 ou 27

Máis información: www.canalriasbaixas.com/tdt e no tlf. 986 710 741

AMOR A MARES

SAN VALENTIN NO CENTRO DE DÍA

E tamén os usuarios do Centro de Día, que gustan de organizar festas, celebraron San Valentín, como antes fixeron co magosto ou coas actividades de conmemoración do seu V Aniversario. O centro ven de cumprir un quinquenio ao servizo das persoas maiores, cun importante compromiso do Concello que, en palabras da alcaldesa e responsable de Benestar Social, Catalina González, "trátase dun esforzo que paga a pena polo alivio que supón para as familias dispor deste servizo".

O Centro de Día Municipal de Sanxenxo, situado en Baltar, conta cun presuposto de 400.000 euros e unha media de 45 usuarios cada ano. Trátase de persoas maiores con perda de autonomía física ou psíquica que residen nos seus domicilios, pero que precisan dunha serie de coidados de carácter personal, terapéutico ou social. A maioría dos usuarios presentan un grao de dependencia moi alta, con casos de alzheimer, demencia senil ou discapacidades psíquicas. Conta con servizo de atención xeriátrica, servizo médico e de enfermería, terapia ocupacional, fisioterapia, animación sociocultural, comedor, servizo de transporte adaptado, lavandería, logopedia, psicoloxía e podoloxía.

O balance de actuación do Departamento de Servizos Sociais en 2009 suma un total de 5.899 cidadáns atendidos, contabilizando aqueles que se achegaron á unida-

de administrativa con demandas de información e de orientación, e a aqueles que participaron nas distintas actividades convocadas desde o Concello.

Estas cifras refírense ao número de persoas individuais, non ao número de intervencións do departamento (é dicir, só inclúe consultas sen repetición). Delas, 1.855 foron derivadas e atendidas polos tres traballadores sociais dos que dispón o concello.

O colectivo de persoas maiores representa o de maior participación, cun total de 3.370 persoas que se inscribiron en distintos programas ou solicitaron atención asistencial. Para este colectivo, o Concello xestionou diversos programas, como as viaxes do Imsero, o programa Maiores en activo, os programas de termalismo, ou a instalación de parques biosaudables nas prazas da Feira e do Mercado. Tamén tivo lugar a segunda xornada de maiores, que contou con 700 participantes.

O segundo dos colectivos que máis demanda xerou foi o de persoas discapacitadas, cun total de 590 atencións, seguido polas 578 persoas emigrantes que solicitaron, principalmente, asesoramento para a realización de trámites administrativos. Este tipo de axuda foi moi demandada tamén polas persoas inmigrantes procedentes doutros países, quen supuxeron 312 atencións e participacións. Para este colectivo, este ano iniciáronse algúns programas específicos, como os talleres de saúde para mulleres.





DEPENDENCIA

Para as persoas que teñen recoñecida a súa dependencia, o SAF constitúe un dereito recoñecido a través da Lei de Dependencia. Un Plan Individual de Atención establece o número de horas ás que esa persoa terá dereito.

Das 49 persoas dependentes atendidas en 2009, 40 eran maiores de 65 anos, mentres que 9 delas, menores desa idade, presentaban distintos tipos de minusvalía. O conxunto das persoas dependentes recibiron o pasado ano un total de 13.159 horas de prestación.

O Departamento de Servizos Sociais manexa como previsión a incorporación de, cando menos, 21 persoas valoradas como dependentes ao SAF ao longo de 2010, que están á espera da remisión do preceptivo Plan Individual de Atención da Administración autonómica.

Servizo básico

Pola súa banda, o servizo básico diferénciase do anterior polo modo de acceso, que depende dunha solicitude que debe presentar o usuario, e está condicionado por unha valoración realizada pola administración, así como pola dispoñibilidade de prazas no servizo.

A axuda no fogar ten a consideración de prestación básica dos servizos sociais, e o seu carácter, no caso do servizo básico, é complementario e transitorio.

As 121 persoas incluídas no servizo básico tiveron un total de 16.371 horas de prestacións ao longo do ano 2009.

O SAF funciona mediante o principio de copago, no cal se comparten custes entre a administración pública e o beneficiario. Este abona unha porcentaxe do custe, que será maior ou menor en base á valoración establecida ao formar parte do servizo.

Outro dos colectivos que tradicionalmente xera unha gran demanda de accións por parte do Departamento é o de menores, con 182 actuacións relacionadas con menores durante 2009.

Os mozos e mozas, con 95 casos que demandaron atención, e as mulleres, con 59, foron os seguintes colectivos polo seu número de consultas. As persoas toxicómanas (33), as sen fogar (21) o colectivo de reclusos e ex-reclusos ou as persoas enfermas psiquiátricas, con 6 usuarios en cada un dos casos, tamén foron obxecto de atención no departamento.

170 unidades familiares, atendidas en Axuda no Fogar

Dentro do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), foron atendidas un total de 170 unidades familiares durante o ano 2009, das que 49 persoas teñen dereito a esta prestación pola súa situación de dependencia.

As persoas que teñen limitada a súa autonomía, por motivos de índole psíquica, física ou social, reciben así atención do Servizo de Axuda no Fogar desde unha perspectiva integral e normalizadora. A axuda préstase no propio domicilio dos beneficiarios, favorecendo a permanencia no seu propio entorno e mellorando a súa calidade de vida, ao tempo que se evitan molestias derivadas de desprazamentos ou realoxamentos.

As prestacións que ofrece inclúen servizos de carácter doméstico e persoal -como pode ser a limpeza da vivenda, o lavado da roupa, a realización de compras, ou o aseo persoal, entre outras-, ou de carácter social e educativo.

O conxunto das persoas dependentes recibiron, como suma anual de todos os usuarios, un total de 13.159 horas de prestación.





DIA DE CANTO NOS QUEREMOS

A Escola Infantil Municipal 'O Tombo', ubicada en Padriñán, celebrou o Día de canto nos queremos cunha festa á que os alumnos e alumnas acudiron cunha prenda de cor vermella e elaboraron, coa axuda dos educadores, un disfraz de corazón. Ademais os escolares protagonizaron diversos xogos nos que se representaba dunha forma lúdica a importancia de conceptos como a amizade e o amor.



CARTAS DE AMOR

Jorge García Caamaño, veciño de Adina, e Amparo Torres Arcos, de Noalla, escribiron as máis fermosas cartas de amor, en opinión do xurado que avaliou aos 20 textos presentados este ano ao Concurso de Cartas de Amor, convocado polo Concello de Sanxenxo, a través do Taller de Memoria e en colaboración coa Oficina Municipal de Voluntariado. Este ano participaron un total de 20 persoas, 14 mulleres e 6 homes, procedentes de diversos puntos da xeografía galega e española. O xurado, integrado polo concelleiro de Xuventude e Deportes, Martín Otero; a responsable do Taller de

Memoria, M^a José Pérez; a directora do CIM, Diana Názara, e os voluntarios Sofía Tacán e Jorge Muiños, decidiu asemade outorgar dúas mencións especiais ás cartas de Teresa Amado Moldes, de Nantes, e Carlos Gustavo Castro, de Vilagarcía de Arousa.

Durante o acto no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán para a entrega dos premios, consistentes en ceas románticas para dous comensais no hotel Oca Galatea, os autores leron as cartas e de seguido tivo lugar o Concerto dos Namorados, coa actuación de Manso e Amigos.

CARNAVAL, OH, OH CARNAVAL!!

Bailes, obradoiros, desfiles, concursos de disfraces e parodias encheron de color e bo humor o carnaval de Sanxenxo. Entre as novidades, este ano celebráronse por primeira vez por separado o concurso de disfraces infantil e o de comparsas de adultos, acadando así unha mellor organización e programación festiva e dando resposta, á vez, ás suxerencias transmitidas ao Concello polos pais dos participantes.

ENTROIDIÑOS

Nas sesións de Entroidiños, que cumpriron a VIII edición, máis de 200 nenos e nenas de 3 a 12 anos aprenderon a realizar os seus propios disfraces, en Portonovo, Sanxenxo e Vilalonga.

Nesta ocasión os disfraces confeccionados xiraron en torno a personaxes de televisión como, por exemplo, Minnie Mouse, Tarta de Fresa, Soldadito de Plomo, ninja, máscaras de papel maché, etc. Amais, cada sesión rematou con maquillaxe, de xeito que os participantes se transformaron no personaxe desexado, e un "Pequedesfile" para que todos admirasen o resultado final dos seus traballos.

Seis animadoras socioculturais dirixiron as sesións e motivaron aos asistentes á hora de participar e expresarse, adaptando a dificultade que leva a realización do disface coa idade e poñendo ao seu alcance os recursos e medios necesarios, nun ambiente relaxado e lúdico para favorecer a interacción. Satisfeita pola alta participación, a concelleira de Cultura, Paz Lago, sinalou que é un estímulo "que nos anima a seguir mantendo esta proposta cada ano na programación do Entroido". Os asistentes tiveron oportunidade de divertirse creando os seus disfraces e complementos

necesarios, á vez que puideron bailar, relacionarse con nenas e nenos doutros colexios, cantar e xogar.

O concurso infantil de disfraces, O Enterro da sardiña, organizado pola Asociación Amigos da Dorna de Portonovo; o Enterro da Cabra, organizado pola la Asociación de Mulleres Rurais A Candelaria; o espectáculo de parodias Novas promesas; o baile de Carnaval organizado polo O.A. Terra de Sanxenxo; ou o Sambódromo brasileiro en Portonovo, garantiron a festa de xeito case ininterrumpido. Como colofón, o domingo día 21 de marzo rematou a festa co desfile e o concurso de disfraces de adultos, dotado con máis de 8.000 euros en premios.



CARNAVAL: DE 0 A 100 ANOS

Ningún colectivo quedou á marxe da celebración do carnaval. Os pequenos da Escola Infantil Municipal O Tombo elaboraron os seus disfraces con distintos materiais, axudados polos educadores do centro, e entre todos formaron un firmamento de soles, representados polo alumnos de 0 a 1 ano; lúas, representadas polos de 1 a 2 anos; e estrelas, ás que deron vida os alumnos de 2 a 3 anos.

Os usuarios do Centro de Día Municipal tamén disfrutaron do Carnaval cunha festa marcada polos disfraces e pola actuación da comparsa formada por eles mesmos. Os integrantes de As Rás de Baltar, vestidos para a ocasión, interpretaron temas compostos por eles e ensaiados nos días previos. Degustaron cocido e filloas e outros doces típicos, como orellas e chulas.

PREMIOS PARA OS MELLORES POSTRES

Lourdes Blanco e Rosalisa Cardalda foron as gañadoras do Concurso de Postres e Disfraces de Carnaval, respectivamente, organizado polo Obradoiro de Memoria do Concello de Sanxenxo, en colaboración coa Oficina Municipal de Voluntariado. Pastora Vieira e Juana Vázquez obtiveron o segundo e terceiro premio na modalidade de postres, mentres que o segundo e terceiro posto do concurso de disfraces recaeu en Dolores Rodríguez e Mercedes Castro.



NOVAS TECNOLOXÍAS AO SERVIZO DE EMERXENCIAS

O Servizo Local de Emerxencias vai mellorar a eficacia da súa xestión, grazas á incorporación dunha aplicación informática que optimizará a prestación de servizos aos cidadáns, en emerxencias ou en prevención, así como a administración das actividades internas propias.

A través do novo programa informático, o Servizo Local de Emerxencias poderá xestionar áreas como as relativas a incidencias, realizando un rexistro temporal das emerxencias, do personal que interveu e os medios utilizados, afectados, testigos e compañía de seguro, descripción do servizo realizado, horas de intervención por bombeiro, etc.

Emerxencias ofrece atención as 24 horas dos 365 días do ano e durante a época estival presta tamén servizo de socorrismo e salvamento en todas as praias do municipio.

Recentemente, o Servizo Local de Emerxencias elaborou un inventario dos hidrantes do municipio para facilitar a súa rápida localización en caso de que se produza un incendio e mellorar o seu mantemento. Agora están reunidos nunha guía todos os datos relativos ás bocas de incendio exteriores que se aproximan ao centenar en todo o termo municipal. Inclúe información de cada hidrante e fotografías da instalación e do entorno, amais das súas principais características, emplazamento exacto e coordenadas GPS.



Ata o de agora, a localización dos hidrantes estaba plasmada nun plano pero a partir deste inventario os datos quedan informatizados para unha maior eficacia do servizo. Así, este departamento municipal trasladou a Google Maps e a Google Earth as coordenadas GPS de cada boca de incendio posibilitando que amais de poder consultar o mapa nun equipo informático, os profesionais do servizo teñan a opción de consultar a ubicación dos hidrantes a través do sistema de posicionamento global do que dispoñen os vehículos contra incendios. En total hai 95 hidrantes exteriores nos que os bombeiros poden acoplar as súas mangueras, emplazados en Padriñán, Adina, Noalla, Nantes e Vilalonga.



NON OS ABANDONES...

Casal Dog é a empresa que realiza o servizo de recollida de animais abandonados no termo municipal de Sanxenxo. A empresa realizará unha batida ao mes, nos periodos que van de xaneiro a maio e de outubro a decembro, mentres que de xuño a setembro, intensificará este labor cunha periodicidade quincenal.

A empresa utiliza vehículos debidamente identificados e equipados con todo o necesario para levar a cabo as capturas que fosen precisas e o seu posterior traslado ao centro de recollida do que dispón esta empresa en Ponteareas (Pontevedra).

SANXENXO CREA O SEU ARQUIVO FOTOGRÁFICO

Pronto será posible que os veciños e veciñas de Sanxenxo, e especialmente as xeracións máis novas, descubran como eran os seus veciños hai uns anos, os oficios nos que traballaban, cómo se divertía a xente, cómo eran os lugares nos que hoxe viven, antigas casas, antigas ruas, cómo se foron transformando as vilas ata ser o que hoxe son.

Sanxenxo vai recopilar toda esa memoria colectiva no Arquivo Fotográfico Municipal, que se vai nutrir coas fotografías familiares que temporalmente presten os propios veciños e veciñas, como testemuño gráfico da historia do municipio.

O Concello, que promove a iniciativa, agarda que os veciños e veciñas cedan para copiar aquelas fotografías que se podan compartir, que teñan a capacidade de falar por si soas, que sexan o testemuño das vivencias do pobo.

Para facilitar a entrega do material fotográfico que se vai ceder a este arquivo, foron habilitados diversos puntos de entrega: oficina municipal de Medio Ambiente, en Vilalonga; Oficina Municipal de Emprego na Casa Consistorial ou na conserxaría do Pazo Emilia Pardo Bazán, en Sanxenxo; e no Centro Municipal de Servizos Sociais, en Portonovo. Unha vez depositadas as fotografías en calquera destes lugares, o personal municipal procederá á súa identificación co nome dos propietarios e nunha semana serán devoltas en perfecto estado no mesmo lugar que foron entregadas.

O Concello de Sanxenxo poderá usar estes documentos gráficos de gran valor en exposicións xerais ou monográficas, así como en documentais, videos ou presentacións.



eurodental
ASISTENCIA ODONTOLÓGICA INTEGRAL

Tu sonrisa habla por ti.

**La experiencia,
la innovación
y la profesionalidad
hablan por nosotros.**



**Financiación
a su medida**

- Asistencia odontológica personalizada
- Profesionales altamente cualificados
- Tecnología punta en el sector
- Garantía escrita por 10 años de nuestros tratamientos
- Financiación a su medida

**Acércate a Eurodental y descubrirás la
calidad y seriedad de sus servicios**

IMPLANTOLOGÍA

ESTÉTICA DENTAL

ORTODONCIA

LÁSER

Vigo: C/ Barcelona, 25 bajo

Portonovo: Ctra. A Lanzada, 19 bajo

Cangas: Avda. de Bueu, 2 - 1ºD

986 720 884

www.eurodental.es

SANXENXO REFORZA O SEU VINCULO A 'VILLAS MARINERAS'

A alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González, e a concelleira de Turismo, Almudena Aguín, asistiron na localidade cántabra de Santoña á assemblea general de Villas Marineras, na que se abordaron as principais liñas de actuación da asociación para o presente ano. Segundo se acordou, Internet e a promoción dos concellos integrantes nas comunidades autónomas da cornisa cántabrica, serán as liñas xerais de promoción de Villas Marineras en 2010.

As representantes institucionais de Sanxenxo participaron, asemade, na presentación da nova páxina web de Villas Marineras, www.villasmarineras.es que enlaza coas páxinas de turismo de cada un das localidades mariñeiras integrantes.

Á súa vez, a través da web os usuarios poden descargar un amplo número de catálogos turísticos para planificar as súas viaxes. No acto estivo presente o director xeral de Turismo, José Carlos Campos Regalado, que asegurou que "este es uno de los mejores productos turísticos con los que contamos actualmente".



Villas Marineras

A marca Villas Marineras naceu en 1998 co obxectivo de abordar mercados turísticos e emprender conxuntamente accións de promoción e comercialización. Están adheridas as localidades de Sanxenxo, Baiona, Sada, Ortigueira, Viveiro e Ribadeo, de Galicia; Cudillero, Gijón, Ribadesella e Llanes, de Asturias; San Vicente de la Barquera, Santoña e Laredo, de Cantabria; e Hondarribia, Getaria, Lekeitio e Bermeo, do País Vasco.

Todos estes municipios integrantes persiguen, tamén, a recuperación e posta en valor do patrimonio natural, cultural e etnográfico, así como impulsar o aproveitamento dos seus recursos marítimos e pesqueiros, baixo criterios de calidade e sostenibilidade.

Casa Susa
sabor tradicional

Avda. Dr. Martínez, 12 - O MUÍÑO - 36995 POIO (PONTEVEDRA)
T. 986 771 231 - M. 667 655 861
www.casasusa.es

RESERVADOS PARA: COMIDAS DE EMPRESA - BAUTIZOS Y COMUNIONES

Especialidad en:
COCHINILLO Y CABRITO DE SALAMANCA (por encargo)
PESCADOS Y MARISCOS DE LA RÍA
CAZA MAYOR Y MENOR (por encargo)
EMPANADAS CASERAS - PICANTONES
ARROZ CON BOGAVANTE

DISPONE DE AMPLIAS ZONAS AJARDINADAS
PARQUE INFANTIL - TERRAZAS CON VISTAS
AMPLIO APARCAMIENTO

Hotel Rural Lar da Cachadiña

Avda. Dr. Martínez, 12
T. 986 771 231 - M. 667 655 861
O MUÍÑO - 36995 POIO (PONTEVEDRA)

AMPLIAS ZONAS AJARDINADAS
PARQUE INFANTIL
TERRAZAS CON VISTAS
HABITACIONES CON BAÑO Y TV.
APARCAMIENTO PRIVADO



AXENDA

TEATRO

Palabras encadenadas

Talia Teatro

Sábado 5 de Xuño, 22:00 horas. Entrada 3,5 euros

Un psicópata e a súa vítima, secuestradas nun espazo sen posibilidade, van descubrindo a súa historia, onde o que é certo e falso prende sempre dun fio. Na busca da verdade que os levou a esta situación extrema, o papel de culpable vai de man en man e, o que parecía un final previsible, trasfórmase en inevitable.

TEMPO LIBRE

Ludoteca

Todos os xoves no CEIP Cruceiro e no CEIP Magaláns de 16:00 a 17:30 horas.

Xadrez

Todos os venres e mércores no CCD-Sanxenxo (Contumil-Nantes) de 17:30 a 19:00 horas.

Salvamento

Todos os venres de 18:00 a 19:00 horas na Piscina Municipal. Organizado por a Concellería de Xuventude e Deportes.

Surf-bodyboard

Todos os sábados na praia da Lanzada ás 9:45 horas.

Tenis

Todos os venres e mércores de 17:30 a 19:00 horas no Circulo Cultural e Deportivo de Sanxenxo (Contumil-Nantes)

Vela

Todos os sábados as 10:00 horas no Porto Deportivo de Sanxenxo. Organizado por a Concellería de Xuventude e Deportes.

Voleibol

Todos os luns e xoves de 17:30 a 19:00 horas no Pavillón de Baltar.

FESTAS

Festas na honra a San Antonio (Sanxenxo)

12 e 13 de xuño

Festas na honra a San Xoán (Noalla)

24 e 25 de xuño

Festas na honra a San Xoán e Santa Ana (Nantes)

23, 24 e 25 de xuño

Festas na honra a San Pedro e San Antonio (Vilalonga)

28 e 29 de xuño

Festas na honra ó Santísimo Sacramento (Noalla)

2º domingo de xullo

Festas na honra a Virxe do Carme (Vilalonga)

15 e 16 de xullo

Festas na honra a S. Roque e S. Cristóbal (Vilalonga)

19 e 20 de xullo (fin de semana mais próximo)

Festas na honra a San Cristóbal (Portonovo)

10 de xullo, (fin de semana mais próximo)

Festas na honra a San Antonio (Dorrón)

19 e 20 de xullo (fin de semana mais próximo)

Festas na honra ó Carmen (Noalla)

24 e 25 de xullo

Festas na honra a San Roque (Portonovo)

14-18 de agosto

Festas na honra ós Dores e San Roque (Dorrón)

30 e 31 de agosto (último fin de semana de agosto)

Festas na honra a San Xenxo e Día do Turista (Sanxenxo)

24 e 25 de agosto

SERVICIOS E TELÉFONOS DE INTERESE



TRANSPORTES

Taxis

Sanxenxo	.986 720 160
Portonovo	.986 720 096
Vilalonga	.986 744 353



SAUDE

Adina

Farmacia Díaz Nieva	.986 691 944
---------------------	--------------

Portonovo

Centro de saúde Baltar	.986 723 128
Eurodental	.986 720 884
Clínica Dental Lidia Leiro	.986 691 394
Clínica Dental Sta. Engracia	.986 691 191
Farmacia Corral y Caramés	.986 720 807
Fisioterapia Clara Arjona	.986 691 696
Fisioterapia Veraluz	.986 690 632

Sanxenxo

Centro médico	.986 720 917
Clínica Dental Fco. Rivas Vilas	.986 691 170
Fisioterapia Rosa Vidal	.986 690 105
Laboratorios Serantes	.986 691 831
Policlínica O Pazo	.986 691 086
Interópticas	.986 690 561
Óptica Studio	.986 723 850
Óptica Val	.986 723 448
Farmacia Cancio González	.986 720 042
Farmacia Mariz	.986 724 278
Farmacia Tejedor García	.986 690 935

Noalla

Farmacia Carballal Veiga	.986 722 060
--------------------------	--------------

Vilalonga

Centro de saúde	.986 745 767
Clínica Dental Eugenio García	.986 743 440
Clínica Dental M ^a Jesús Suárez	.986 743 246
Farmacia Pillado Montero	.986 743 008

Autobuses

Estación Sanxenxo	.902 292 900
-------------------	--------------



CULTURA

Dorrón

C.E.I.P. Magaláns	.986 740 170
-------------------	--------------

Nantes

C.E.I.P. Nantes	.986 691 000
-----------------	--------------

Noalla

C.E.I.P. de Noalla	.986 745 465
Sanxenxo	
Biblioteca E. Pardo Bazán	.986 727 936
C.E.I.P. Florida	.986 720 790

Portonovo

Biblioteca Municipal	.986 691 149
CPR Abrente	.986 723 493
C.E.I.P. Portonovo	.986 720 229
IES Sanxenxo	.986 724 108

Vilalonga

Axencia de Lectura	.986 744 879
C.E.I.P. de Vilalonga	.986 743 141
IES Vilalonga	.986 744 953



ORGANISMOS

Concello de Sanxenxo	.986 720 075
Educación e Cultura	.986 727 936
Infraestructuras e Obras	.986 720 075
Xuventude e Deporte	.986 727 936
Persoal e Seg. cidadá	.986 720 075
Servicios Xerais e Medio	
Ambiente	.986 744 909
Turismo	.986 720 285
Correos	.986 690 044
Xerencia de Urbanismo	.986 720 075
Gardería Mun. O Tombo	.986 720 403
Garda Civil	.986 720 252
Ínsula Sanxenxo	.986 727 911
Multiusos	.986 723 764
Nauta Sanxenxo	.986 720 517
Oficina de Turismo	.986 720 285
Pazo Emilia Pardo Bazán	.986 727 936
Piscina Municipal	.986 720 100
Policía local	.986 727 072
Protección Civil	.986 727 070
Punto Limpo	.986 680 842
Espina y Delfín	.986 690 044
Servicios Sociais	.986 727 901



VETERINARIOS

Sanxenxo	.986 691 845
Portonovo	.986 691 551
Vilalonga	.986 742 118

cousas de Sanxenxo

Sanxenxo

Sede Náutica Caixa Galicia



exposición
Os camiños de Santiago
Segundo Hevia
na Colección Caixa Galicia
ata o 6 de xuño



exposición
Olladas no Camiño de Santiago
Xacobeo 2010
do 11 de xuño ao 1 de agosto



exposición
O mar nos fondos da Colección Caixa Galicia
do 4 de agosto ao 26 de novembro

E ademais...

Visitas guiadas ás exposicións
Obradoiros didácticos
Cursos de informática
Acceso libre a Internet
Zona wifi
Cursos PER

Infórmate no 986 090 468

Porto Deportivo Juan Carlos I
Sanxenxo





Concesionario
Oficial BMW
Premium Selection

Celtamotor



¿Te gusta conducir?



WWW.BMWPREMIUMSELECTION.ES

DISFRUTAR ES VIVIR CADA EXPERIENCIA COMO SI FUERA NUEVA

No importa cuántas veces recorras la carretera, si conduces un BMW cada viaje será siempre como el primero. Por eso, en BMW Premium Selección encontrarás una amplia selección de vehículos de ocasión certificados, no sólo para que empieces a disfrutar, sino para que nunca dejes de hacerlo.

BMW PREMIUM SELECTION VEHÍCULOS OCASIÓN CERTIFICADOS

BMW EfficientDynamics
Menor consumo. Mejores prestaciones.



- 24 meses de garantía
- Kilometraje garantizado
- Revisión gratuita a los 2.000 km
- Revisión técnica y óptica 360°
- Certificación externa del vehículo
- Posibilidad de cambio de vehículo
- Asistencia europea en carretera
- Paquete de mantenimiento BSI opcional
- Financiación a tu medida

BMW 116i tres puertas



Precio 20.800 euros
Kilometraje 0 km
Matriculación 03/2010

BMW 118d cinco puertas



Precio 19.900 euros
Kilometraje 23.213 km
Matriculación 12/2008

BMW 120d cinco puertas



Precio 17.900 euros
Kilometraje 51.000 km
Matriculación 10/2006

BMW 320d



Precio 25.900 euros
Kilometraje 45.000 km
Matriculación 09/2008

BMW 320d Touring



Precio 34.900 euros
Kilometraje 10.630 km
Matriculación 31/3/2009

BMW 335i Coupé



Precio 34.900 euros
Kilometraje 40.921 km
Matriculación 11/2006

BMW 520d



Precio 33.900 euros
Kilometraje 18.828 km
Matriculación 03/2009

BMW X5 30d



Precio 31.900 euros
Kilometraje 66.047 km
Matriculación 12/2005

Celtamotor

Ctra. de Camposancos, 115
(Ctra. de Bayona)
Tel.: 986 21 36 45
Vigo

Parque Empresarial Lalín 2000 Calle B-Parcela 45-57
Tel.: 986 78 75 99
Lalín - Pontevedra

www.bmwpremiumselection.es/celtamotor

Ctra. Nacional 640
Godos-Santa Catalina
Tel.: 986 56 55 87
Caldas de Reis